



FICHA DE PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN

Outubro 2018

Clave:	PEP-01
Nome:	Plan Especial de Protección de Santradán
Superficie (m²):	247.259,54

Descrición:

Plan para a protección e posta en valor do Núcleo de Identidade do Litoral (NIL) de Santradán delimitado, seguindo o disposto no Plan de Ordenación do Litoral.

Criterios:

- En tanto non se aprobe o correspondente plan especial de protección serán de aplicación aquelas medidas transitorias que se recollan na normativa urbanística do plan para o ámbito.
- Preservarase na medida do posible o arboredo autóctono existente e favorecerase a plantación do mesmo nas novas actuacións a realizar. Ao mesmo tempo pularase o mantemento dos corredores ecolóxicos existentes e o mantemento da calidade das augas tanto superficiais, como soterradas ou mariñas.
- Preservaranse e poranse en valor os elementos con valor patrimonial existentes no ámbito.
- Coidarase a ordenación das zonas con fortes pendentes pondo especial atención a aqueles elementos construtivos que podan resultar discordantes coa imaxe do conxunto en razón do seu volume, forma, acabados, etc.
- Porase especial atención en resolver adecuadamente os espazos de transición entre as zonas máis densas do núcleo e as zonas de solo rústico e costeiras existentes, adxacentes a elas.
- Nas zonas con presenza de edificacións tradicionais estudaranse medidas que fomenten a súa recuperación.